

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE E A
FUNDACION "MONTE DO GOZO" PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA
TERAPÉUTICO-EDUCATIVO "PROXECTO HOME" DE ATENCIÓN E REHABILITACIÓN
DE DROGODEPENDENTES DA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA E DO
PROGRAMA DE TRATAMENTO E REHABILITACIÓN, EN RÉXIME DE COMUNIDADE
TERAPÉUTICA, DA DEPENDENCIA ALCOHÓLICA.**

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA:**

Que o Servizo Galego de Saúde formalizou o 21 de febreiro de 2017 coa Fundación “Monte do Gozo” o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o día seguinte ao da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2017.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

A colaboración entre o Servizo Galego de Saúde e a Fundación “Monte do Gozo” para o desenvolvemento dos seguintes programas:

A) Programa terapéutico-educativo "Proxecto Home" de atención e rehabilitación de drogodependentes da Comunidade Autónoma de Galicia, para a prestación de servizos sanitario-asistenciais a persoas con problemas derivados do consumo de drogas atendendo aos principios de anonimato, voluntariedade, universalidade e gratuidade da asistencia.

A prestación dos ditos servizos lévase a cabo en dispositivos emprazados nas localidades de Santiago de Compostela, Vigo, Ourense e Lugo: catro centros de acollida, dúas comunidades terapéuticas (unha delas intrapenitenciaria).

O programa terapéutico-educativo comprende as seguintes fases:

- a) Fase de acollida, de carácter ambulatorio e dunha duración que oscilará entre 2 e 4 meses.
- b) Fase de comunidade terapéutica, continuidade da anterior e cunha duración variable.
- c) Fase de reinserción social, posterior á anterior e cunha duración variable.

B) Programa de tratamento e rehabilitación, en réxime de comunidade terapéutica, da dependencia alcohólica. A través deste programa a Fundación “Monte do Gozo” comprométese a dispoñer de 11 camas para o internamento temporal (segundo criterios facultativos) no centro da fundación sito en Oleiros e aplicar os programas asistenciais e rehabilitadores aos pacientes con graves e persistentes problemas de dependencia alcohólica, respectando os principios de anonimato, voluntariedade, universalidade e gratuidade da asistencia.

Os pacientes poderán ser derivados polas unidades da rede de saúde mental e drogodependencias do Servizo Galego de Saúde co visto e praxe do responsable de saúde mental da área correspondente.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxectivo referido.

Que o instrumento convencional que se asina se fundamenta no seguinte:

Que a Fundación "Monte do Gozo" desenvolve na Comunidade Autónoma de Galicia o programa terapéutico-educativo "PROXECTO HOME" de atención e rehabilitación de drogodependentes, que consta de tres fases: acollida, comunidade terapéutica e comunidade de reinserción.

Que a Subdirección Xeral de Planificación e Programación Asistencial da Dirección Xeral de Asistencia Sanitaria do Servizo Galego de Saúde, a través do programa de tratamento e rehabilitación do enfermo alcohólico, pretende dar unha alternativa terapéutica e rehabilitadora ao enfermo alcohólico, tendo como obxectivos lograr unha maior autonomía,

o cumprimento das prescricións e os resultados clínico asistenciais axeitados nesta tipoloxía de casos.

Ambas as dúas partes consideran esencial o establecemento de accións conxuntas para os efectos do desenvolvemento de medidas e accións contidas no Plan de trastornos aditivos de Galicia para o período 2011-2016 co fin de reducir, na medida do posible, a problemática presentada polo consumo de drogas na comunidade autónoma galega, así como en materia de atención a persoas con problemas graves e persistentes en relación co alcohol para garantir a súa atención preferente no marco do Plan Estratéxico de Saúde Mental.

Dada a especificidade técnica que requiren os programas obxecto deste convenio, así como as actuacións que desenvolve a Fundación “Monte do Gozo”, e tendo en conta que os devanditos programas son executados a través deste convenio, non é posible promover concorrencia pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados no Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector público, aprobado por Real decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.